



SI

A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2016

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2016

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir
baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2016

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Santiago de Compostela
2016

INDICE

INTRODUCCIÓN

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO	7
II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS	13
II.1. Equipamento e servizos TIC	15
II.2. Internet e Banda larga	30
II.3. Páxina web e redes sociais	38
II.4. Comercio electrónico	47
II.5. Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet	54
II.6. Política de seguridade e gasto en TIC	59
III. ANÁLISE SECTORIAL	64
IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS	82
V. CONCLUSIÓN	93
ANEXO: DESCRICIÓN CNAES 2009	99

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste estudo é obter elementos de diagnóstico, seguimento e avaliación que permitan determinar a situación e a evolución dos indicadores sobre a Sociedade da Información no tecido empresarial galego.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), foi o responsable de realizar a análise que se presenta neste Diagnóstico sobre o equipamento e uso das TIC nos empresas galegas. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020.

O estudo analiza en detalle, e cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 ou máis traballadores/as, relacionada co equipamento TIC e conectividade a Internet, xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC, dispoñibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e o Cloud Computing así como outras cuestións relacionadas co comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

Ofrécese información diferenciada para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia
- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

Este diagnóstico inclúe tamén información desagregada segundo o número de empregados/as, actividade económica e análise por provincias. Ademais, a fin de obter un enfoque da evolución dos indicadores e a súa repercusión e avance entre as empresas, inclúense gráficas comparativas daqueles indicadores ou variables máis significativas.

Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

O acordo de colaboración asinado permite que os datos que antes recollía o Observatorio, nos vindeiros anos procedan da Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas, que realiza o INE e transferidos a través do IGE. Ademáis, o acordo establece a ampliación dos datos que ata o momento publicaba o INE no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas
- Explotación específica realizada polo IGE de datos relativos ao uso do Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Obtención, a través do IGE, de datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente proporciona o INE.

Con este convenio de colaboración evítase a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO



- ☞ Durante o 2016 Galicia conta con 197.538 empresas; o 96,4% tiñan menos de 10 empregados/as.
- ☞ O sector Servizos segue a ser a actividade maioritaria, cun 78,7%.

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO


Neste capítulo preséntanse as principais características das empresas galegas, con datos significativos como o tamaño da empresa, a actividade empresarial ou a condición xurídica. Os datos da seguinte táboa, extraídos do Directorio de Empresas e unidades locais do Instituto Nacional de Estatística (INE), amosan que no ano 2016 había na nosa Comunidade un total de 197.538 entidades empresariais, 1.943 máis que o ano anterior, aínda que seguen a primar as microempresas (entre 0 a 9 traballadores), que representan ao 96,4% do total galego.

C.1. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA

(Total de empresas)


Total	197.538
Sen asalariados/as	106.693
De 1 a 2 asalariados/as	58.647
De 3 a 5 asalariados/as	18.347
De 6 a 9 asalariados/as	6.690
De 10 a 19 asalariados/as	3.844
De 20 a 49 asalariados/as	2.212
De 50 a 99 asalariados/as	620
De 100 a 199 asalariados/as	282
De 200 ou máis asalariados/as	203

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2016.



G.1. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2016.

En base a esta composición do tecido empresarial galego, ao longo deste informe consideraremos dous segmentos ou estratos das empresas. Por un lado agrúpanse as microempresas (de 0 a 9 traballadores/as, e que supoñen o 96,4% do total) e, por outra banda, as grandes empresas (de 10 ou máis traballadores/as, o 3,6% restante).

Analizando a ubicación xeográfica das empresas, sobresaen claramente as provincias da Coruña e Pontevedra como localizacións prioritarias da maioría das entidades, tanto no caso das microempresas como de empresas de 10 ou máis traballadores / as.

C.2. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(Total de empresas)

	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	79.100	3.056	82.156
LUGO	23.599	754	24.353
OURENSE	22.357	704	23.061
PONTEVEDRA	65.321	2.647	67.968
TOTAL	190.377	7.161	197.538

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2016.

C.3. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(% Total de empresas)


	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	40,1	1,5	41,6
LUGO	11,9	0,4	12,3
OURENSE	11,3	0,4	11,7
PONTEVEDRA	33,1	1,3	34,4
TOTAL	96,4	3,6	100,0

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2016.

Un 78,1% das empresas galegas adócanse ao sector Servizos, ao que lle segue a grande distancia a Construción (15,1%). Finalmente a Industria aporta un 6,2% do total de empresas de Galicia.

G.2. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2016.

C.4. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA

(Total de empresas)


TOTAL		197.538
INDUSTRIA		12.323
B- Industrias extractivas		277
C- Industria manufactureira		11.341
D- Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado		469
E - Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e contaminación		236
F- CONSTRUCCIÓN		29.777
SERVIZOS		155.438
G- Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas		49.075
H - Transporte e almacenamento		11.851
I - Hostalaría		19.320
J - Información e comunicacións		2.256
K - Actividades financeiras e de seguros		5.022
L - Actividades inmobiliarias		6.254
M - Actividades profesionais, científicas e técnicas		20.716
N - Actividades administrativas e servizos auxiliares		9.528
P - Educación		6.354
Q - Actividades sanitarias e de servizos sociais		7.550
R - Actividades artísticas, recreativas e de entretemento		5.444
S - Outros servizos		12.068

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2016.

A análise da condición xurídica indican unha predominancia das empresas constituídas como persoas físicas, cun 55,4% fronte ás sociedades ou outras formas xurídicas, cun 44,6%.

G.3. CONDICIÓN XURÍDICA

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2016.

II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS



- ➔ Un 49,3% das microempresas con conexión a Internet posúe velocidades de contratación superiores aos 10 Mb/seg, 5 puntos máis que no ano anterior. No caso das grandes empresas, cabe salientar un aumento de 7,3 puntos nas velocidades superiores ao 100 Mb/seg.
- ➔ Incremento de 5,7 puntos na dispoñibilidade de páxina web entre as microempresas, o que as sitúa máis de 2 puntos por riba da media estatal.
- ➔ A presenza en medios sociais durante o ano 2016 aumenta 3 tres puntos nas grandes empresas con sede ou actividade en Galicia e 1,3 puntos porcentuais nas microempresas
- ➔ O gasto total das empresas galegas en produtos ou servizos TIC superou os 337 millóns de euros no ano 2016.

Este capítulo refírese ás cuestións relativas á aplicación das TIC en determinados ámbitos que detallamos de seguido:



Os datos que se proporcionan subdivídense en estratos por tamaño de traballadores/as:

- Microempresas (de 0 a 9 traballadores / as)
- Empresas de máis de 10 traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas con máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia.


A evolución temporal que detallaremos comprende do ano 2013 ata o 2016.

II.1. EQUIPAMENTO E SERVIZOS TIC

Un dos equipamentos máis destacados nas empresas galegas son os ordenadores. A práctica totalidade das grandes empresas galegas conta con ordenadores, se ben, nas microempresas, esta porcentaxe é do 64,8%. En termos evolutivos, a dispoñibilidade de ordenador segue unha tendencia de estabilidade nos últimos anos.

G.4. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

G.5. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen ordenadores

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE

G.6. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen ordenadores

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

Continúa incrementándose a porcentaxe de persoal ao que se lle proporcionaron dispositivos portátiles para uso empresarial. No caso de empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede en Galicia, o aumento foi de 3 puntos porcentuais respecto ao ano anterior. No caso das microempresas, este incremento foi de 9 puntos porcentuais.

G.7. PERSOAL AO QUE SE LLE PROPORCIONOU UN DISPOSITIVO PORTÁTIL QUE PERMITÍA A CONEXIÓN MÓBIL A INTERNET PARA USO EMPRESARIAL

(% sobre o total de persoal)




Fonte: INE

G.8. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de persoal nas empresas de 10 ou máis traballadores/as)




Fonte: INE

G.9. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de persoal nas empresas de 0 a 9 traballadores/as)




Fonte: INE

O software de código aberto segue o seu avance no tecido empresarial galego. Aumenta a súa presenza especialmente nas empresas de máis persoal onde a súa utilización acadou o 86,8% en empresas con sede en Galicia e case a metade de microempresas (49,8%).

G.10. EMPRESAS QUE EMPREGABAN ALGUNHA TIPOLOXÍA DE SOFTWARE DE CÓDIGO ABERTO

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Nas grandes empresas, o aumento segue en positivo, cun incremento durante o 2016 de 1,9 puntos porcentuais, maior que a media estatal de 0,8 puntos. Con todo a nivel de microempresas, rebaiouse o seu uso en 2,3 puntos porcentuais.

G.11. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

A sinatura dixital é utilizada por tres de cada catro empresas de máis de 10 traballadores/as, e un 41,7% das microempresas.

G.13. SINATURA DIXITAL

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


A sinatura dixital continúa implantándose nas empresas galegas, destacando especialmente o incremento experimentado nas microempresas galegas (6,8 puntos no último ano).

G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que utilizaron sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola súa empresa

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as e con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.15. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que utilizaron sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola súa empresa

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as e con conexión a Internet)




Fonte: INE

Non dispoñible o valor do indicador para o ano 2014

A razón máis nomeada polas empresas para o uso da sinatura dixital continúa sendo a de interactuar coas Administracións Públicas, aínda que hai un incremento no uso para relacionarse con clientes ou provedores, especialmente no caso de empresas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia, que aumentan 15,2 puntos.

G.16. USOS DA SINATURA DIXITAL

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.17. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que utilizaron sinatura dixital para relacionarse con Clientes e / ou provedores

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A compra dalgún servizo Cloud Computing nas empresas galegas progresa lixeiramente, chegando a un 17,8% en empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade na nosa Comunidade. No caso das microempresas, a compra de tecnoloxías Cloud Computing sitúase no 4,8%.

G.18. CLOUD COMPUTING

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.19. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compraron solucións de Cloud Computing

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.20. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compraron solucións de Cloud Computing

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

As solucións relacionadas con tecnoloxías Cloud máis empregadas son as de almacenamento de ficheiros (nas microempresas un 62% e nas de 10 ou máis traballadores/as un 71,7%) seguidas da xestión de e-mail baseado en Cloud (60,3% nas microempresas e un 63,3% en empresas de 10 e máis traballadores/as con sede en Galicia).

G.21. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING: desglose

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que compraron algún servizo de Cloud Computing)




Fonte: INE

O tamaño da empresa inflúe de xeito evidente no volume de recepción de facturas electrónicas, xa que nas microempresas representa un 4,3% que case se quintuplica nas grandes empresas ata o 19,9% das empresas de máis de 10 traballadores /as con actividade en Galicia.

Nas grandes empresas, o envío da factura electrónica emprégase, en maior medida, en Galicia que en España.

G.22. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.23. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O uso de ferramentas informáticas de xestión de información do cliente CRM está claramente influenciado polo tamaño da empresa. Nas de 0 a 9 traballadores/as a súa utilización é do 7,4%, mentres que nas empresas de máis de 10 traballadores/as, acada ao 38,3% en empresas multilocalizadas.

G.24. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM PARA XESTIONAR INFORMACIÓN DE CLIENTES

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

No caso das grandes empresas de máis traballadores/as con actividade en Galicia, aínda que a súa implantación se reduce lixeiramente, segue a manterse por riba da media estatal. Pola contra, segue a evolución positiva deste indicador no caso das microempresas, cun aumento de 2,4 puntos no último ano.

G.25. EVOLUCIÓN DO INDICADOR Empresas que dispoñían de ferramentas CRM Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE-IGE

G.26. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas CRM

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñible o valor do indicador para o ano 2014

Unha de cada catro empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia proporcionou actividades formativas TIC aos seus empregados/as. A formación en TIC aumentou lixeiramente nas grandes empresas e mantense en niveis baixos nas microempresas.

G.27. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

G.28. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE

G.29. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

Entre as empresas galegas que proporcionaron formación aos seus traballadores/as, os empregados/as non especialistas en TIC son aqueles que, en maior medida, recibiron accións formativas durante o 2016. No caso das grandes empresas acadan un 82% e, entre as microempresas, esta porcentaxe é inferior, aínda que tamén é significativa, cun 65%.

G.30. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS

(% sobre o total de empresas que proporcionaron actividades formativas en TIC aos seus empregados / as)




Fonte: INE

II.2. INTERNET E BANDA LARGA

A contratación de Internet está amplamente estendida nas empresas galegas, especialmente nas de máis de 10 traballadores/as onde acada o 97,9%. Nas microempresas, o 57,6% tamén posúen conexión a Internet contratada (57,6%). En termos evolutivos, a contratación de Internet mantense en termos similares ao ano anterior.


G.31. ACCESO A INTERNET CONTRATADO
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.32. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que teñen acceso a Internet contratado
Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

Tres de cada cinco empresas galegas de máis de 10 traballadores/as proporcionou aos seus empregados/as acceso remoto, ben sexa ao correo electrónico, documentos ou ás aplicacións da empresa.

Nas microempresas, isto sucede nun terzo dos casos con conexión a Internet, duplicando a porcentaxe do ano anterior, reafirmando a importancia de dispoñer desta posibilidade de traballo.

G.34. EMPRESAS QUE PROPORCIONABAN AOS SEUS EMPREGADOS / AS ACCESO REMOTO AO CORREO ELECTRÓNICO, DOCUMENTOS OU APLICACIÓNS DA EMPRESA, MEDIANTE CONEXIÓN A INTERNET FIXA, INALÁMBRICA OU MÓBIL

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Practicamente a totalidade das empresas con conexión a Internet dispoñen de banda larga.

G.35. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.36. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA. EVOLUCIÓN

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0-9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Outro indicador da modernización en telecomunicacións das empresas na nosa Comunidade é o uso de banda larga a través da telefonía móbil. Nas empresas de máis de 10 traballadores/as, esta porcentaxe acadou o 82,4% mentres que nas microempresas con conexión a Internet, a banda larga móbil sitúase no 65%.

G.37. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Comparativamente coa media estatal, a banda larga móbil en Galicia experimentou un aumento superior a 3 puntos entre as grandes empresas con respecto ao ano anterior, acadando a converxencia coa media estatal. No caso das microempresas, é destacable o aumento de 4,8 puntos porcentuais na contratación da banda larga móbil.

G.38. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.39. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Analizando a banda larga fixa, aínda que o ADSL segue a ser o tipo de conexión fixa preferente, obsérvase un significativo e progresivo avance das redes de cable e fibra óptica, que aumentaron máis de 9 puntos nas grandes empresas e 6 puntos entre as microempresas no último ano.

G.40. TIPO DE CONEXIÓN A INTERNET – BANDA LARGA FIXA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A análise da conexión a Internet mediante banda larga móbil, mostra a preferencia polo uso de dispositivos móbiles con tecnoloxía 3G ou 4G (smartphone, PDA phone,...) para o 72,4% das grandes empresas e para o 51,8% das micromepresas con conexión a Internet.

G.41. TIPOS DE CONEXIÓN A INTERNET – BANDA LARGA MÓBIL

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Un 49,3% das microempresas con conexión a Internet posúe velocidades de contratación superiores aos 10 Mb/seg, 5 puntos máis que no ano anterior. No caso das grandes empresas, cabe salientar o significativo aumento nas velocidades superiores ao 100 Mb/seg, que acadan xa unha porcentaxe do 22,3%, 7,3 puntos máis que no ano anterior.

G.42. VELOCIDADE CONTRATADA


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

G.43. EVOLUCIÓN GALICIA. VELOCIDADE CONTRATADA


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

G.44. EVOLUCIÓN GALICIA. VELOCIDADE CONTRATADA

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia e con conexión a Internet)




Fonte: INE

II.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

Outro indicador relacionado coas TIC de significativa importancia é a visibilización da empresa mediante o uso de páxinas web. Neste senso, un terzo das microempresas (33,7%) e un 79,6% das grandes empresas con sede ou actividade na nosa Comunidade, posúen páxina web.

G.45. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


Respecto da evolución de dispoñibilidade de páxina web, as grandes empresas galegas converxen coa media estatal e experimentaron un ritmo de crecemento superior á media estatal. No caso das microempresas galegas, cabe salientar o forte incremento na dispoñibilidade de páxina web (5,7 puntos), o que as sitúa máis de 2 puntos porcentuais por riba da media estatal.

G.46. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disponibilidade de páxina web

Comparativa Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.47. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disponibilidade de páxina web

Comparativa Galicia e España


(%sobre o total de empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)



Fonte: INE

Entre os servizos máis presentes na páxina web, a presentación da empresa figura como o máis habitual. Tamén a declaración de política de intimidade ou certificación relacionada coa seguridade, seguida do acceso a catálogos de produtos ou a listas de prezos, son outros dos servizos máis frecuentes nas páxinas web de uso empresarial.

G.48. SERVICIOS DISPONIBLES NA PÁXINA WEB
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

O crecemento do indicador da presenza en medios sociais amosa a importancia outorgada polas empresas galegas ás redes sociais propiamente denominadas (facebook, linkedIn, Tuenti...), ou blogs de empresa, espazos con contidos multimedia ou outras ferramentas wiki de coñecemento, de xeito que un 28,6% das microempresas están presente en medios sociais, e un 42,6% no caso das grandes empresas.

G.49. MEDIOS SOCIAIS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


A presenza en medios sociais durante o ano 2016 aumenta en tres puntos porcentuais nas grandes empresas con sede ou actividade en Galicia e 1,3 puntos porcentuais nas microempresas.

G.50. MEDIOS SOCIAIS EVOLUCIÓN

Empresas que utilizaron medios sociais

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Os datos do ano 2013 teñen como base "%sobre o total de empresas con conexión a Internet"

Empresas que utilizaron os medios sociais

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Os datos do ano 2013 teñen como base "%sobre o total de empresas con conexión a Internet"

As redes sociais como Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google +, etc., son claramente o medio máis citado polas empresas para relacionarse virtualmente cos seus clientes.

O dato a salientar é a pouca diferenciación por estrato de asalariados/as o que indica a súa importancia nas microempresas de cara a súa visibilización e uso empresarial.

G.51. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...) (% sobre o total de empresas que usan medios sociais)




Fonte: INE

G.52. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...). EVOLUCIÓN

Empresas que utilizaron os seguintes medios sociais: Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...)

Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as que usan medios sociais)



Empresas que utilizaron os seguintes medios sociais: Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as que usan medios sociais)




Fonte: INE

Fonte: INE

Respecto do uso doutros medios sociais, obsérvase unha elevada presenza de blogs empresariais (twitter, blogger, ...) e tamén dos websites que comparten contidos multimedia (youtube, flickr, instagram...), sobresaíndo, especialmente, nas grandes.

G.53. EMPREGO DE OUTROS MEDIOS SOCIAIS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan medios sociais)




Fonte: INE

A utilidade destes medios sociais, segundo as propias empresas, é máis significativo nas microempresas, cun 48,2% que as considera como “moi útiles”, aínda que en termos xerais as empresas valoran positivamente o seu uso.

G.54. UTILIDADE DOS MEDIOS SOCIAIS PARA A XERACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DO SEU NEGOCIO


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan medios sociais)



Fonte: INE

Un 10% das microempresas pagan por anunciarse en Internet, se ben esta porcentaxe chega a duplicarse entre as empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia (un 22%).


G.55. EMPRESAS QUE PAGAN POR ANUNCIARSE EN INTERNET
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

Outro indicador da importancia das redes sociais e Internet en xeral entre as empresas é o uso da publicidade dirixida a través de Internet, empregando os recursos que proporciona a Rede para chegar ao público obxectivo. Nas microempresas, o uso de publicidade dirixida a clientes concretos usando Internet é do 9,4%, duplicándose novamente entre as grandes empresas con actividade en Galicia (19,7%).

G.56. EMPRESAS QUE PAGAN POR ANUNCIARSE EN INTERNET USANDO PUBLICIDADE DIRIXIDA
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A tipoloxía de publicidade dirixida máis utilizada polas empresas galegas, independentemente do seu tamaño, é a que se basea en contidos da páxina web (cookies) ou a procura de palabras chave por usuarios/as, acadando á máxima porcentaxe nas microempresas (84%).

G.57. TIPOLOXÍA DE PUBLICIDADE DIRIXIDA

(% sobre o total de empresas que empregaron publicidade dirixida)




Fonte: INE

II.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

Unha de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia fixeron compras a través de Internet durante o último ano, fronte ao 17% das microempresas.

G.58. COMPRAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


As microempresas galegas superan en compras a través de Internet no último ano á media estatal (un 17% fronte ao 16,6%), debido ao forte crecemento experimentado no último ano (6 puntos porcentuais).

Nas grandes empresas, aínda que se manteñen lixeiramente por baixo da media estatal, tamén experimentaron un aumento de 1,8 puntos.

G.59. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compraron a través de Internet no último ano


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)



Fonte: INE

Empresas que compraron a través de Internet no último ano

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as)




Fonte: INE

A venda por Internet está moi influenciada polo tamaño da empresa. Un 21,5% das grandes empresas con sede e/ou actividade en Galicia venderon a través de Internet fronte ao 3,8% no caso das microempresas.

G.60. VENDAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Comparativamente, as empresas galegas sitúanse en niveis similares á media estatal, sendo preciso un impulso para elevar estas porcentaxes entre as microempresas.

G.61. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados)




Fonte: INE

A distribución xeográfica das vendas mostra unha concentración no ámbito estatal, aínda que cabe destacar que un 28,2% das vendas das grandes empresas con sede en Galicia teñen como destino a Unión Europea.

G.62. DISTRIBUCIÓN DE VENDAS SEGUNDO A ÁREA XEOGRÁFICA

(% sobre o total de vendas de comercio electrónico realizadas)




Fonte: INE

O Big Data permite recompilar grande cantidade de datos coa finalidade de realizar análises, atopando patróns de comportamento ou pautas que permitan ás empresas observar e mellorar os seus produtos ou servizos. O volume de datos con frecuencia é tan grande que non pode ser tratado coas aplicacións tradicionais de tratamento de datos.

A porcentaxe de empresas galegas que incorpora a análise Big Data é aínda pequeno: as microempresas que analizan macrodatos dos seus clientes é dun 3%, triplicándose no caso de empresas de maior tamaño.

G.63. EMPRESAS QUE ANALIZARON BIG DATA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Comparativamente coas empresas do conxunto do Estado, aínda que en niveis de utilización reducidos en todos os casos, o uso de Big Data nas entidades galegas é lixeiramente superior.

G.64. COMPARATIVA DO INDICADOR

Empresas que analizaron Big Data no último ano


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)



Fonte: INE

Empresas que analizaron Big Data no último ano

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as)




Fonte: INE

As fontes que as empresas utilizan para recompilar os macrodatos achega importantes diferencias. Mentres que as pequenas empresas rentabilizan máis a información dos medios sociais (o 71,6% das microempresas que analizan Big Data empregan esta fonte de información), as grandes empresas fan un uso máis frecuente de datos recollidos con sensores ou dispositivos intelixentes ou por xeolocalización a partir de dispositivos portátiles. Isto demostra a relevancia dos medios sociais como fonte de información para o pequeno empresariado galego.

G.65. TIPOLOXÍA DE BIG DATA ANALIZADA POLAS EMPRESAS POR FONTE

(% sobre o total de empresas que analizaron Big Data)




Fonte: INE

En liñas xerais, todas as empresas recorren a persoal propio para analizar a cantidade de datos dispoñibles, aínda que no caso das empresas máis grandes hai tamén unha maior predisposición a recorrer a provedores externos.

G.66. PERSOAL ENCARGADO DE ANALIZAR BIG DATA

(% sobre o total de empresas que analizaron Big Data)




Fonte: INE

II.5. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET

A interacción coas diferentes Administracións Públicas mostra unha ampla implantación en todas as empresas galegas, situándose en valores próximos á media estatal.

G.67. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.68. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano
Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.69. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

A solicitude dalgún tipo de información é o trámite coas Administracións Públicas, máis citado á hora de interaccionar a través de Internet, experimentando un crecemento superior aos 3 puntos porcentuais.

G.70. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTENIR INFORMACIÓN

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.71. EVOLUCIÓN DO INDICADOR


Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter información Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as
con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as
con conexión a Internet)




Fonte: INE

Outro dos trámites online máis destacado coas Administracións son a descarga de formularios ou impresos. Durante o ano 2016 volveu a incrementarse a súa utilización en 2,6 puntos porcentuais nas microempresas (57,3%) e 4,5 puntos nas grandes empresas con sede en Galicia, superando en ambos os dous casos a media estatal.

G.72. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTEN FORMULARIOS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.72. EVOLUCIÓN DO INDICADOR


Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter formularios Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as
con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as
con conexión a Internet)




Fonte: INE

Tres de cada catro empresas de máis de 10 traballadores /as, tanto con sede como con actividade na nosa Comunidade, emprega a devolución de impresos cumprimentados de xeito telemático coas Administracións Públicas, posicionando este trámite como o terceiro máis nomeado dos que se realizan a través de Internet. Cabe salientar que as grandes empresas galegas sitúanse por riba da media estatal neste trámite.

G.73. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRÁVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA DEVOLVER IMPRESOS CUMPRIMENTADOS

(% sobre o total de empresas e con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.74. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para devolver impresos cumprimentados


Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Novamente, son as empresas de 10 ou máis traballadores /as as que interactúan, en maior medida, coas Administracións Públicas a través de Internet, tanto para a declaración de impostos como para á contribución á Seguridade Social sen necesidade de ningún trámite adicional en papel.

A metade das microempresas tamén sinalan a declaración de impostos como o motivo principal para interactuar coas Administracións Públicas a través de Internet. O 31,7% das microempresas, pola súa banda, argumentan a facilidade de declarar as contribucións á Seguridade Social como o principal motivo para interactuar coas Administracións Públicas na Rede.

G.75. OUTROS MOTIVOS PARA INTERACTUAR COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

II.6. POLÍTICA DE SEGURIDADE E GASTO EN TIC

A seguridade é un tema de vital importancia a nivel empresarial. Así, máis dun 85% das grandes empresas dispoñen dalgún plan interno que defina a súa política neste ámbito.

G.76. EMPRESAS CON POLÍTICA DE SEGURIDADE TIC DEFINIDA
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O sistema interno para a seguridade máis empregado polas empresas galegas é o da autenticación mediante contrasinais seguros.

Destaca o elevado uso do Backup de datos externo nas empresas de máis de 10 empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia, cunha porcentaxe do 61,1% fronte ao 35,5% das microempresas.


G.77. TIPOLOXÍA DE SISTEMAS INTERNOS DE SEGURIDADE

(% sobre o total de empresas que teñen unha política de seguridade TIC definida)




Fonte: INE

O gasto total das empresas galegas en produtos ou servizos TIC superou os 337 millóns de euros, se ben as diferencias entre as pequenas e as grandes empresas son novamente sobresaíntes, de xeito que o 75% do gasto total foi realizado polas empresas de 10 ou máis traballadores/as.



As diferenzas en función do tamaño da empresa son notorias, independentemente da natureza do gasto realizado. O gasto ao que as microempresas destinan máis recursos é aos bens TIC, mentres que as empresas de 10 ou máis traballadores/as destinan a maior parte do gasto a servizos e consultas TIC.


G.78. GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2015
(Miles de euros sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Os gastos en bens TIC incrementáronse entre 2014 e 2015 tanto nas empresas de menor volume de traballadores/as como nas máis grandes. O crecemento entre as máis pequenas foi dun significativo 45%, pasando de 26 millóns de euros a case 38. O gasto nas empresas de maior tamaño pasou de 63 millóns de euros a 72,8 millóns, o que supón un crecemento do 15%.

G.79. GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2015: Gasto total en bens TIC
(Miles de euros sobre o total de empresas)




Fonte: INE

No caso da inversión en software son as empresas máis grandes as que destinaron máis gasto a este concepto, duplicándoo entre 2014 e 2015. As empresas de 0 a 9 traballadores/as tiveron un crecemento máis moderado.

G.80. GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2015: Gasto total en software, estándar ou a medida


(Miles de euros sobre o total de empresas)



Fonte: INE

O gasto en servizos e consultas TIC é a partida que máis diferencia ás microempresas das empresas de 10 ou máis empregados, medrando un 22,6% o gasto neste concepto entre as grandes e mermando entre as máis pequenas.

G.81. GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2015: Gasto total en servizos e consultas TIC
(Miles de euros sobre o total de empresas)



Fonte: INE

III. ANÁLISE SECTORIAL



- ➡ As empresas do sector Servizos destacan polo seu uso de ferramentas CRM.
- ➡ As empresas dedicadas á Información e Comunicaci3ns sobresaen polo seu maior uso de tecnoloxías relacionadas co Cloud Computing.

III.1. ANALISE SECTORIAL


Na análise sectorial preséntanse os indicadores principais dende a perspectiva do sector de actividade ao que se adican. Profundizarase nos indicadores de dispoñibilidade de Internet, páxina web, redes sociais, comercio electrónico e interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

Equipamentos e servizos TIC

A práctica totalidade das empresas de 10 e máis traballadores/as contan con ordenadores, independentemente da súa actividade. Non obstante, nas microempresas, difire de modo importante a presenza de ordenadores en empresas adicadas ao sector Servizos respecto das microempresas adicadas á Industria.

G.82. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O uso da sinatura dixital destaca especialmente nas empresas relacionadas coa Construción.

G. 83. SINATURA DIXITAL SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A actividade da empresa é un factor decisivo na utilización da sinatura dixital, xa que nas empresas de máis de 10 traballadores/as que proporcionan servizos de Aloxamento, o seu uso é soamente dun 36,7% mentres que nas de Actividades inmobiliarias ou Enerxía e auga a súa utilización é do 100%.

G.84. SINATURA DIXITAL SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

O sector servizos sitúase como o segmento de actividade empresarial no que máis uso se realiza de solucións Cloud Computing, tanto en microempresas como nas grandes empresas.

G.85. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

As empresas do ramo da Información ou a comunicación son, cun 41,2%, as que en maior medida empregan solucións de Cloud Computing.

G.86. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

Hai diferenzas considerables na recepción e o envío de facturación electrónica segundo a actividade empresarial. As empresas do sector Servizos reciben maior porcentaxe de facturas electrónicas, mentres que no envío de facturacións telemáticas destacan notablemente as empresas relacionadas coa Construción.

G.87. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.88. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Observando con detemento a actividade das empresas de máis de 10 traballadores / as, destaca a porcentaxe de recepción de facturas electrónicas nas empresas relacionadas con Actividades inmobiliarias (35,4%) ou Aloxamento (33,8%), mentres que no caso do envío, sobresaen as adicadas á Construción, Información e Comunicación e Enerxía e auga.

G.89. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

G.90. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

As empresas do sector Servizos son as que presentan unha maior dispoñibilidade de ferramentas informáticas relacionadas co CRM (customer relationship management), acadando o 45% entre as grandes empresas.

G. 91. EMPRESAS QUE DISPOÑÉN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Un 58,7% das grandes empresas adicadas á Información e comunicación dispoñen de ferramentas informáticas CRM.

G.92. EMPRESAS QUE DISPOÑÉN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

As empresas relacionadas coa Industria son as que realizaron, en maior medida, actividades formativas dirixidas aos seus propios empregados/as.

G.93. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS/ AS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

De novo destacamos a porcentaxe das empresas relacionadas coa Información e a comunicación, en canto á realización de actividades formativas TIC, cun 41,9%.

G.94. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as)



Fonte: INE


Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.2. Internet e banda larga

As diferenzas máis destacables, en canto á dispoñibilidade da internet, obsérvanse nas microempresas. Un 64,8% das microempresas do sector Servizos teñen conexión a Internet contratada, mentres que a porcentaxe redúcese ao 34,4% nas de Construción.

G.95. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

O acceso á banda larga, en empresas con conexión a Internet, en cambio non presenta diferenzas destacables nin por sector nin por tamaño, o que indica a importancia de dispoñer de gran velocidade nas empresas galegas.

G.96. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A banda larga móbil é elevada tanto en empresas relacionadas coa Industria como nas do sector da Construción, rexistrando as microempresas do sector Servizos a menor porcentaxe de banda larga móbil (un 61%).

G.97. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

As empresas con menor porcentaxe de acceso a Internet mediante a banda larga móbil son as relacionadas coas actividades de profesionais científicos (61,9%) ademais das de aloxamentos (64,5%) ou actividades inmobiliarias (64,6%), situándose este indicador por riba do 75% no resto de sectores.

G.98. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.3. Páxina web e redes sociais

Entre as grandes empresas, a dispoñibilidade de páxina web non presenta diferencias significativas, oscilando entre o 75% e o 80%. En canto ás microempresas, obsérvase unha porcentaxe significativamente baixa entre as empresas da Construción.

G.99. DISPOÑIBILIDADE DE PAXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Entre as grandes empresas, sobresaen as adicadas á actividade de Aloxamentos (100%), o que reflicte a importancia desta ferramenta de cara a proporcionar visibilidade para o seu negocio.

G.100. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.4. Comercio electrónico


As empresas do sector Servizos destacan polo uso do comercio electrónico para a realización de compras durante o último ano. Cabe salientar as diferencias entre as microempresas do sector Servizos cun 20,9% e as do sector Construción cun 4,4% neste indicador.



Nas vendas a través da Rede volven destacar as empresas de máis de 10 traballadores / as do sector Servizos. Entre as microempresas, este indicador presenta valores baixos.

**G.102. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO AÑO
SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

III.5. Interacción coas AAPP a través de Internet

Entre as grandes empresas, a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet, sitúase por riba do 90% en todos os sectores. No caso das microempresas, os sectores Servicios e Industria rexistran as porcentaxes máis altas.

G.103. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS




- ➡ O contratación de Internet a través de banda larga móbil destaca entre as empresas da provincia de Pontevedra, tanto en microempresas (69,6%) como nas de máis de 10 traballadores/as (83,8%)

IV.1. Equipamentos e servizos TIC

A análise por provincias acerca da dispoñibilidade de ordenadores mostra valores similares entre as empresas de máis de 10 traballadores/as, mentres que nas microempresas destaca a porcentaxe das de Lugo (cun 79%), fronte ás de Ourense (cun 53,3%).

G.104. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Respecto ao Cloud Computing, as grandes empresas de Pontevedra son as que rexistran un valor máis alto neste indicador. No caso das microempresas, aínda presenta valores pouco significativos.

G.105. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A PROVINCIA


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


Respecto da recepción de facturación electrónica, as microempresas presentan valores pouco significativos e, entre as grandes empresas, os valores máis elevados acádanse entre as empresas de Lugo. Con relación ao envío de facturas electrónica, destacan as microempresas de Lugo cun 19,1% e as grandes empresas con sede na Coruña, cun 40,3%

G.106. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.107. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

As grandes empresas de Pontevedra e A Coruña distínguense polo uso de ferramentas informáticas CRM; non obstante, as microempresas con sede en Lugo son as que máis destacan cun 13%.

G.108. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Entre as microempresas, soamente as de Lugo acadan unha porcentaxe significativa en canto a proporcionar actividades formativas TIC aos seus empregados/as. Entre as grandes empresas, as da Coruña, Lugo e Pontevedra sitúanse en valores próximos ao 20%, quedando nun escalón inferior as de Ourense.

G.109. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS/AS SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.2. Internet e banda larga

A segmentación xeográfica indica, entre as microempresas da provincia de Lugo e da Coruña existe maior porcentaxe de contratación de Internet. Entre as grandes entidades, está amplamente estendido a conexión á Rede.

G.110. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A contratación de Internet a través da banda larga móbil destaca especialmente en empresas da provincia de Pontevedra, tanto en microempresas cun 69,6% como nas de 10 ou máis asalariados/as cun 83,8%.

G.111. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Analizando a localización xeográfica das empresas, as microempresas con sede na Coruña son as únicas que se sitúan por riba da media galega mentres que nas grandes empresas, tan só as de Ourense presentan valores inferiores á media.

G.112. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

IV.4. Comercio electrónico

A porcentaxe de empresas da provincia de Lugo que realizou compras a través de comercio electrónico é moi superior ao do resto das provincias.


Respecto das vendas a través de Internet, de novo, destacan as grandes empresas de Lugo, cun 23,1%.



Fonte: INE

G.114. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.5. Interacción coas AAPP a través de Internet

As microempresas da provincia da Coruña destacan no que se refire á interacción coas Administracións Públicas a través de Internet, mentres que no caso das grandes empresas, soamente as de Ourense se sitúan significativamente por baixo da media galega.

G.115. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

V. CONCLUSIONES

Caracterización do sector empresarial

- Segundo datos do Directorio Central de Empresas do INE, no ano 2016, había en Galicia 197.538 empresas; 1.943 máis que o ano anterior, e seguen a primar as microempresas (entre 0 a 9 traballadores/as), que representan ao 96,4% do total do tecido empresarial galego.
- O 76% das empresas galegas ubícanse nas provincias da Coruña e Pontevedra (41,6% na Coruña e 34,4% en Pontevedra).
- A actividade concéntrase fundamentalmente no sector servizos, onde se inscriben o 78,7% das empresas galegas.
- O 55,4% das empresas galegas están establecidas baixo a forma xurídica de “persoas físicas”.

Equipamento e servizos TIC

- Un dos obxectivos deste estudo é analizar a integración das TIC nos procesos produtivos das empresas. A sinatura dixital é utilizada por tres de cada catro empresas de máis de 10 traballadores/as, e un 41,7% das microempresas con conexión a Internet. A sinatura dixital continúa implantándose nas empresas galegas, destacando especialmente o incremento experimentado nas microempresas galegas (6,8 puntos no último ano).
- A compra dalgún servizo Cloud Computing nas empresas galegas progresa lixeiramente, chegando a un 17,8% en empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade na nosa Comunidade. As solucións relacionadas con tecnoloxías Cloud máis empregadas son as de almacenamento de ficheiros, seguidas da xestión de e-mail baseado en Cloud.
- Nas grandes empresas, o envío da factura electrónica emprégase, en maior medida, en Galicia que en España.
- O uso de ferramentas informáticas de xestión de información do cliente, CRM, está claramente influenciado polo tamaño da empresa. Nas de 0 a 9 traballadores/as a súa utilización é do 7,4%, mentres que nas empresas de máis de 10 traballadores/as, acada ao 38,3% en empresas multilocalizadas. Segue a evolución positiva deste indicador no caso das microempresas, cun aumento de 2,4 puntos no último ano.

Contratación de Internet

- O acceso a Internet a través de solucións de calidade é un activo clave para mellorar a competitividade das empresas de forma sostible, fomentar o seu crecemento e innovación e apoiar a súa expansión internacional. A contratación de Internet está amplamente estendida nas empresas galegas, especialmente nas de máis de 10 traballadores/as onde acada o 97,9%. Nas microempresas, o 57,6% tamén posúen conexión a Internet contratada.
- Outra tendencia nas empresas actuais é a de proporcionar aos traballadores/as a posibilidade de acceder ao correo electrónico da empresa, aos documentos ou aplicacións, en definitiva, acceder remotamente ao escritorio. Tres de cada cinco empresas galegas de máis de 10 traballadores/as proporcionou aos seus empregados/as acceso remoto, ben sexa ao correo electrónico, documentos ou ás aplicacións da empresa. Nas microempresas, isto sucede nun terzo dos casos con conexión a Internet, duplicando a porcentaxe do ano anterior, reafirmando a importancia de dispoñer desta posibilidade de traballo.
- Outro indicador da modernización en telecomunicacións das empresas na nosa Comunidade é o uso de banda larga a través de telefonía móbil. Nas empresas de máis de 10 traballadores/as, esta porcentaxe acada o 82,4% mentres que nas microempresas con conexión a Internet, a banda larga móbil sitúase no 65%.
- Comparativamente coa media estatal, a banda larga móbil en Galicia experimentou un aumento superior a 3 puntos entre as grandes empresas con respecto ao ano anterior, acadando a converxencia coa media estatal. No caso das microempresas, é destacable o aumento de 4,8 puntos porcentuais na contratación da banda larga móbil.
- Analizando a banda larga fixa, aínda que o ADSL segue a ser o tipo de conexión fixa preferente, obsérvase un significativo e progresivo avance das redes de cable e fibra óptica, que aumentaron máis de 9 puntos nas grandes empresas e 6 puntos entre as microempresas no último ano.
- Tamén cabe destacar que un 49,3% das microempresas con conexión a Internet posúe velocidades de contratación superiores aos 10 Mb/seg, 5 puntos máis que no ano anterior. No caso das grandes empresas, cabe salientar o significativo aumento nas velocidades superiores ao 100 Mb/seg, que acadan xa unha porcentaxe do 22,3%, 7,3 puntos máis que no ano anterior.

Páxina web, redes sociais e publicidade en Internet

- Maior posicionamento e visibilidade, mobilidade son algunhas das vantaxes ao alcance das empresas que non se manteñan ao marxe da evolución tecnolóxica. A

dispoñibilidade de páxina web é un indicador significativo da visibilidade das empresas galegas en Internet. Un terzo das microempresas (33,7%) e un 79,6% das grandes empresas con sede ou actividade na nosa Comunidade, posúen páxina web. Respecto da evolución de dispoñibilidade de páxina web, as grandes empresas galegas converxen coa media estatal e experimentaron un ritmo de crecemento superior á media estatal. No caso das microempresas galegas, cabe salientar o forte incremento na dispoñibilidade de páxina web (5,7 puntos), o que as sitúa máis de 2 puntos porcentuais por riba da media estatal.

- Outra tendencia, que sen dúbida está de actualidade na estratexia empresarial, é a presenza virtual en medios sociais, xa sexa a través de redes sociais (facebook, linkedIn, Tuenti...), blogs de empresa, espazos con contidos multimedia ou outras ferramentas wiki de coñecemento. Un 28,6% das microempresas con conexión a Internet están presente en medios sociais, e un 42,6% no caso das grandes empresas. A presenza en medios sociais durante o ano 2016 aumenta en tres puntos porcentuais nas grandes empresas con sede ou actividade en Galicia e 1,3 puntos porcentuais nas microempresas.
- As redes sociais como Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google +, etc., son claramente o medio máis citado polas empresas para relacionarse virtualmente cos seus clientes. A utilidade destes medios sociais, segundo as propias empresas, é máis significativo nas microempresas, cun 48,2% que as considera como “moi útiles”, aínda que en termos xerais as empresas valoran positivamente o seu uso.
- Un 10% das microempresas pagan por anunciarse en Internet, se ben esta porcentaxe chega a duplicarse entre as empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia (un 22%).
- Outro indicador da importancia das redes sociais e Internet en xeral entre as empresas é o uso da publicidade dirixida a través de Internet, empregando os recursos que proporciona a Rede para chegar ao público obxectivo. Nas microempresas, o uso de publicidade dirixida a clientes concretos usando Internet é do 9,4%, duplicándose novamente entre as grandes empresas con actividade en Galicia (19,7%). A tipoloxía de publicidade dirixida máis utilizada polas empresas galegas, independentemente do seu tamaño, é a que se basea en contidos da páxina web (cookies) ou a procura de palabras chave por usuarios/as.

Comercio electrónico

- Unha de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia fixeron compras a través de Internet durante o último ano, fronte ao 17% das microempresas.

- As microempresas galegas superan en compras a través de Internet no último ano á media estatal (un 17% fronte ao 16,6%), debido ao forte crecemento experimentado no último ano (6 puntos porcentuais). Nas grandes empresas, aínda que se manteñen lixeiramente por baixo da media estatal, tamén experimentaron un aumento de 1,8 puntos.
- A venda por Internet está moi influenciada polo tamaño da empresa. Un 21,5% das grandes empresas con sede e/ou actividade en Galicia venderon a través de Internet fronte ao 3,8% no caso das microempresas.
- A distribución xeográfica das vendas mostra unha concentración no ámbito estatal, aínda que cabe destacar que un 28,2% das vendas das grandes empresas con sede en Galicia teñen como destino a Unión Europea.

Big Data

- O Big Data permite recompilar grande cantidade de datos coa finalidade de realizar análises, atopando patróns de comportamento ou pautas que permitan ás empresas observar e mellorar os seus produtos ou servizos. O volume de datos con frecuencia é tan grande que non pode ser tratado coas aplicacións tradicionais de tratamento de datos.
- A porcentaxe de empresas galegas que incorpora a análise Big Data é aínda pequeno: as microempresas que analizan macrodatos dos seus clientes é dun 3%, triplicándose no caso de empresas de maior tamaño.
- Comparativamente coas empresas do conxunto do Estado, aínda que en niveis de utilización reducidos en todos os casos, o uso de Big Data nas entidades galegas é lixeiramente superior.
- As fontes que as empresas utilizan para recompilar os macrodatos achega importantes diferencias. Mentres que as pequenas empresas rentabilizan máis a información dos medios sociais (o 71,6% das microempresas que analizan Big Data empregan esta fonte de información), as grandes empresas fan un uso máis frecuente de datos recollidos con sensores ou dispositivos intelixentes ou por xeolocalización a partir de dispositivos portátiles. Isto demostra a relevancia dos medios sociais como fonte de información para o pequeno empresariado galego.
- En liñas xerais, todas as empresas recorren a persoal propio para analizar a cantidade de datos dispoñibles, aínda que no caso das empresas máis grandes hai tamén unha maior predisposición a recorrer a provedores externos

Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet, formación

- A interacción coas diferentes Administracións Públicas mostra unha ampla implantación en todas as empresas galegas, situándose en valores próximos á media estatal.
- A solicitude dalgún tipo de información é o trámite coas Administracións Públicas, máis citado á hora de interaccionar a través de Internet, experimentando un crecemento superior aos 3 puntos porcentuais.
- Outro dos trámites online máis destacado coas Administracións son a descarga de formularios ou impresos. Durante o ano 2016 volveu a incrementarse a súa utilización en 2,6 puntos porcentuais nas microempresas con conexión a Internet (57,3%) e 4,5 puntos nas grandes empresas con sede en Galicia, superando en ambos os dous casos a media estatal.
- Tres de cada catro empresas de máis de 10 traballadores /as, tanto con sede como con actividade na nosa Comunidade, emprega a devolución de impresos cumprimentados de xeito telemático coas Administracións Públicas, posicionando este trámite como o terceiro máis nomeado dos que se realizan a través de Internet. Cabe salientar que as grandes empresas galegas sitúanse por riba da media estatal neste trámite.
- Novamente, son as empresas de 10 ou máis traballadores /as as que interactúan, en maior medida, coas Administracións Públicas a través de Internet, tanto para a declaración de impostos como para a contribución á Seguridade Social sen necesidade de ningún trámite adicional en papel.
- A metade das microempresas tamén sinalan a declaración de impostos como o motivo principal para interactuar coas Administracións Públicas a través de Internet. O 31,7% das microempresas, pola súa banda, argumentan a facilidade de declarar as contribucións á Seguridade Social como o principal motivo para interactuar coas Administracións Públicas na Rede.
- A predisposición das empresas en proporcionar formación aos seus empregados/as, está vinculado co tamaño das mesmas. Unha de cada catro empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia proporcionou actividades formativas TIC aos seus empregados/as. A formación en TIC aumentou lixeiramente nas grandes empresas e mantense en niveis baixos nas microempresas.

Política de seguridade e gasto en TIC

- A seguridade é un tema vital importancia a nivel empresarial. Así, máis dun 85% das grandes empresas dispoñen dalgún plan interno que defina a súa política neste

ámbito.

- O sistema interno para a seguridade máis empregado polas empresas galegas é o da autenticación mediante contrasinais seguros. Destaca o elevado uso do Backup de datos externo nas empresas de máis de 10 empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia, cunha porcentaxe do 61,1% fronte ao 35,5% das microempresas.
- Promover o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na Comunidade. O gasto total das empresas galegas en produtos ou servizos TIC superou os 337 millóns de euros, se ben as diferencias entre as pequenas e as grandes empresas son novamente sobresaíntes, de xeito que o 75% do gasto total foi realizado polas empresas de 10 ou máis traballadores/as.
- Os gastos en bens TIC incrementáronse entre 2014 e 2015 tanto nas empresas de menor volume de traballadores/as como nas máis grandes. O crecemento entre as máis pequenas foi dun significativo 45%, pasando de 26 millóns de euros a case 38. O gasto nas empresas de maior tamaño pasou de 63 millóns de euros a 72,8 millóns, o que supón un crecemento do 15%.
- No caso da inversión en software son as empresas máis grandes as que destinaron máis gasto a este concepto, duplicándoo entre 2014 e 2015. As empresas de 0 a 9 traballadores/as tiveron un crecemento máis moderado.
- O gasto en servizos e consultas TIC é a partida que máis diferencia ás microempresas das empresas de 10 ou máis empregados, medrando un 22,6% o gasto neste concepto entre as grandes e mermando entre as máis pequenas.

ANEXO: DESCRICIÓN CNAES 2009

1. Total Industria:

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados **(CNAE 10-18)**

1.2 Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos **(CNAE 19-23)**

1.3 Metalurxia fabricación de produtos metálicos **(CNAE 24-25)**

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo **(CNAE 26-33)**

1.5. Enerxía e auga **(CNAE 35-39)**

2. Construción (CNAE 41-43)

3. Total Servicios: (excluídas CNAE 56: servizos de comidas e bebidas, CNAE 75 e financeiras)

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo **(CNAE 45-47)**

3.2. Transporte e almacenamento **(CNAE 49-53)**

3.3. Servizos de aloxamento **(CNAE 55)**

3.4. Información e comunicacións **(CNAE 58-63)**

3.5. Actividades inmobiliarias **(CNAE 68)**

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterinarias) **(CNAE 69-74)**

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) **(CNAE 77-82)**

4. Sector TIC (261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)

